



Concello do Grove

BASES QUE REXEN NA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN, BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL DE MELLORA DA OCUPABILIDADE E INSERCIÓN, DENTRO DO PROGRAMA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA O EXERCICIO 2026

O Concello do Grove solicitoulle unha subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a través da *Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G)*.

A Consellería de Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o día 22 de abril de 2026 con N.º **EXPEDIENTE:TR351G-2026-00000028-05**, resolve a solicitude e concede unha subvención por un total de 50.865,09 € para a contratación de 3 persoas traballadoras desempregadas para a realización do proxecto “PREVENCIÓN 2026”.

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto das presentes bases é ofertar as praza mencionadas e establecer os criterios para a súa selección, respectando en todo momento nas bases que regulan as axudas e subvencións *para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G)*, para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa.

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.





Concello do Grove

- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

SEGUNDA. REQUISITOS XERAIS

Para participar no proceso de selección será necesario reunir os requisitos establecidos nos 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), en todo aquilo que resulte de aplicación ao persoal laboral conforme o seu artigo 7, así como os previstos na Orde do 22 de xaneiro de 2026 (TR351G). :

Deberán cumprirse tanto no momento da selección como na formalización do contrato:

- a) Persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- b) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.





Concello do Grove

- c) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- e) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g) Posuír o requisito de acceso para o posto: Peón forestal e carné de conducir B.
- h) As persoas traballadoras que foran contratadas no programa Aprod Rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, salvo en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE).

TERCEIRA. POSTOS OFERTADOS, TIPO DE CONTRATO, RETRIBUCIÓN E TIPO DE XORNADA

A contratación dos 3 traballadores será en réxime laboral temporal na modalidade de **contrato duración determinada de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral**, de conformidade coas regras de contratación establecidas nas bases da subvención citadas e pola duración establecida.

Departamento	Posto	N.º Prazas	Duración	Xornada	Salario bruto mensual (c/pp)
Medio Ambiente	Peón/Peoa Forestal	3	9 meses	Completa	1.424,50 €

Retribucións salariais actualizadas, establecidas a través das táboas salariais aprobadas polos orzamentos do 2022 publicados no BOPPO número 216, do 11 de novembro de 2022 para os postos do cadro de persoal laboral temporal.





Concello do Grove

CUARTA. PROCESO DE SELECCIÓN

Establécese como sistema selectivo o de concurso-oposición en virtude da necesidade de que as persoas candidatas amosen a súa idoneidade para o posto que se vai cubrir.

As persoas preseleccionadas pola oficina de emprego deberán presentarse no lugar e á hora indicadas na carta remitida pola dita oficina de emprego e achegar a seguinte documentación:

- Carta de presentación expedida pola oficina de emprego.
- Documento nacional de identidade respecto dos aspirantes que posúan a nacionalidade española, do documento de identidade do país de orixe ou pasaporte para os aspirantes nacionais dos países membros da Unión Europea e do pasaporte e o certificado ou tarxeta de residencia.
- Carné de conducir B (en vigor).
- Documentación acreditativa das circunstancias persoais. (Anexo II cuberto).
- Documento de coñecemento de Galego.

4.1 Contido do proceso selectivo

As persoas aspirantes remitidas pola oficina de emprego realizarán unha proba de coñecementos na que responderan a preguntas realizadas sobre o temario e unha proba práctica que determinen as persoas membros da comisión de valoración sobre labores propias do posto.

A proba será cualificada de 0 a 10 puntos. A proba é eliminatoria e para aprobar será necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos. A orde de colocación das persoas aspirantes na lista definitiva de persoas aprobadas establecerase de maior a menor puntuación.

A puntuación máxima que se pode obter será de 10 puntos.

Coñecemento de galego:

Proba escrita ou oral, puntuable entre 0 e 1 punto, non eliminatoria, de tradución dun texto do castelán ao galego correspondente ao nivel requirido para o posto.

Estarán exentos os/as candidatos/as que acrediten o coñecemento da lingua galega coa fotocopia do certificado de coñecemento de lingua galega. Celga (ou certificado de aptitude do curso de iniciación de lingua galega ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega). Nivel Celga esixido: **Celga 2.**

Os/as candidatos/as que presente a acreditación correspondente puntuarase con 1 punto.





Concello do Grove

QUINTA. VALORACIÓN DE CRITERIOS PERSOAIS E DE INCLUSIÓN SOCIAL

En función do recollido na *Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G)*, sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección final daráselle preferencia por esta orde aos seguintes criterios:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría..
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.
- k) Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento

Para poder realizar a valoración dos criterios persoais requírese a seguinte documentación:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría: acreditarase mediante **certificado acreditativo da participación nos programas indicados no apartado a) coa titulación acadada**
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: acreditarase mediante **documento acreditativo facilitado polos Servizos Sociais de ser beneficiaria a persoa da renda de inserción social de Galicia ou a pertencencia a colectivo desfavorecido.**





Concello do Grove

- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual: acreditarase mediante **sentenza firme e/ou orde de protección ou informe do Centro de Información á Muller**.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: acreditarase co **DNI ou tarxeta acreditativa expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns nacionais doutros estados. Vida laboral para acreditar demandante de primeiro emprego, CV do Servizo Público de Emprego para verificar a cualificación profesional**.
- e) Persoas paradas de longa duración: acreditarase co **documento do Servizo Público de Emprego de períodos de inscrición**.
- f) Persoas con discapacidade: acreditarase co **certificado oficial de recoñecemento da discapacidade igual ou superior ao 33%**.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: acreditarase co **documento do Servizo Público de Emprego acreditativo de non estar percibindo prestación**.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos: acreditarase co **DNI ou tarxeta acreditativa expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns nacionais doutros estados**.
- i) Persoas trans: acreditarase co **documento válido en dereito**.
- j) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España: acreditarase co **documento acreditativo de emigrante retornado, autorización ou permiso de residencia**.
- k) Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: acreditarase co **libro de familia e volante de empadramento xunto co documento que acredite o seu nivel de ingresos**.

CRITERIOS DE PREFERENCIA	PUNTOS
a	2
b	1,90
c	1,80
d	1,60
e	1,50
f	1,40
g	1,30
h	1,20
i	1,10
j	1
k	1





Concello do Grove

Os criterios que se cumpran sumaranse ata un máximo de **4 puntos** sempre que se supere a proba de oposición.

Os candidatos seleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia serán convocados para facilitarlles as bases da Convocatoria e o Anexo II de acreditación das circunstancias persoais que deberán entregar na data de realización da proba da fase de oposición no Rexistro Xeral do Concello.

SEXTA. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

Rematados os exercicios obrigatorios, o Tribunal publicará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación abrindo un prazo de 2 días hábiles para posibles reclamacións, finalizado o prazo publicarase a lista definitiva coas puntuacións de maior a menor.

As listas publicaranse no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/info.0>

SÉTIMA. COMISIÓN DE AVALIACIÓN

O órgano de selección será designado polo órgano municipal competente e estará constituída por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, cuxa composición se aprobará por un decreto de Alcaldía.

Todos os membros do tribunal deberán ser funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo que posúan unha titulación igual ou superior á requirida na praza/posto de traballo obxecto da convocatoria.

Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da metade, polo menos, tres membros titulares, e obrigatoriamente do/a presidente/a e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse pola maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, e as persoas aspirantes poderán recusalos cando coincidan as circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano de selección resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

OITAVA. RESULTADO FINAL





Concello do Grove

A comisión de avaliación reunirse para valorar a documentación presentada polas persoas aspirantes atendendo aos criterios de preferencia indicados anteriormente, e publicará a relación definitiva de aspirantes en orde de maior a menor puntuación, obtidas pola suma da puntuación dos candidatos que superaron a proba de oposición e da valoración dos criterios persoais.

A persoa que consiga a maior puntuación será proposta ao presidente da corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer máis dunha persoa por praza convocada.

O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase; primeiro tendo en conta a maior puntuación obtida na proba, en caso de manterse o empate, terase en conta a maior puntuación acadada atendendo á orde dos criterios de preferencia.

Elaborarase unha lista de suplentes con todas as persoas aspirantes que superen o exercicio obrigatorio, por orde decrecente de puntuación, de xeito que esta sirva para aqueles supostos en que sexa preciso realizar unha nova contratación, no caso de que algunha das persoas aspirantes inicialmente propostas para a súa contratación renunciase a ela ou non acredítase estar en posesión dos requisitos esixidos.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo ou incompleto o número de postos para cubrir, o alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces for necesario, remitíndolle a ampliación de oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego consonte as presentes bases.

NOVENA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Á vista da proposta do tribunal de selección, a Alcaldía ditará unha resolución do procedemento selectivo para formalizar os contratos e a alta na Seguridade Social. As persoas seleccionadas deberán achegar, no prazo que se indicará no acordo de resolución, a documentación requirida.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello (RXPD) e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD),





Concello do Grove

infórmase que os datos persoais facilitados serán tratados polo Concello do Grove con sede na Praza do Corgo, 1, 36980 O Grove (Pontevedra), como responsable do tratamento, co fin exclusivo de xestionar o presente proceso selectivo.

Os/as interesados/as poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición, dirixíndose por escrito ao Rexistro Xeral do Concello do Grove ou ao correo electrónico habilitado para o efecto. Así mesmo, poderán presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DÉCIMO PRIMEIRA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

DÉCIMO SEGUNDA. INCIDENCIAS E RECURSOS

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do Concello (de ser o caso) e a Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G).

Documento asinado dixitalmente na marxe





Concello do Grove

TEMARIO

PEÓN/PEOA FORESTAL

Funcións específicas:

- Axudar na preparación do terreo para o seu cultivo ou reforestación: Eliminar e cortar vexetación, marcar, rozar, etc...
- Apoiar no sementado e plantación do cultivo ou reforestación. Colaborar nas tarefas básicas de sementado e plantado.
- Abrir e manter camiños forestais: Rozar, aclarar, nivelar, etc...
- Podar e eliminar residuos. Cortar, talar árbores e amontoalos para o seu traslado.
- Regar, manualmente ou con mecanismos sinxelos.
- Limpar e ordenar a maquinaria, apeiros, equipos e ferramentas.
- Axudar na prevención de incendios forestais: construír devasas e manter os puntos de auga.
- Calquera outra relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico e para o que foi previamente instruído/a.

TEMARIO

Tema 1. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. A organización municipal e competencias.

Tema 2. O Concello do Grove. Encadre territorial e poboación. Instalacións e servizos municipais.

Tema 3. Motoserras: partes máis importantes. Cadeas. Uso frecuente. Mantemento e limpeza.

Tema 4. Rozadoras. Partes máis importantes. Complementos. Uso frecuente. Mantemento e limpeza.

Tema 5. Maquinaria. Trituradora, segadora, sopradora. Maquinaria auxiliar. Ferramentas: ferramentas de poda, ferramentas de limpeza.

Tema 6. Produtos fitosanitarios: segundo aplicación, segundo actuación, segundo absorción. Doses.

Tema 7. Especies habituais en silvicultura.





Concello do Grove

ANEXO 2. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE RESPONSABILIDADES FAMILIARES E DE INGRESOS PERCIBIDOS (PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026)

DON/A: _____

DNI/NIE: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO: _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que coñezo o contido das bases que rexen o proceso selectivo para a contratación de _____ ao abeiro do Programa GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026.
2. Que SI NON son participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría
3. Que SI NON son Persoa integrante de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
3. Que SI NON son Muller, en especial aquela que acredite a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
4. Que SI NON son Menor de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
5. Que SI NON Persoa Persoa paradas de longa duración.
6. Que SI NON son Persoa con discapacidade..
7. Que SI NON son Persoa desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
8. Que SI NON son Persoa desempregadas maiores de 45 anos.
9. Que SI NON son Persoa trans.
10. Que SI NON son emigrante retornado ou persoa estranxeira con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.
11. Que SI NON acredito cargas familiares.

E para que así conste, asino a presente declaración

O Grove, _____ de _____ de 2026

- Autorizan expresamente o tribunal a solicitarlles aos órganos que estime oportunos, de ser o caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nesta declaración.
- Responsabilízanse expresamente da veracidade de todos os datos que recolle a documentación achegada en xeral e, especificamente, esta declaración, asumindo as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou





Concello do Grove

ocultación de información, que poderá dar lugar á expulsión do proceso selectivo, da falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados.

- Comprométense de xeito expreso a comunicarlle ao tribunal de forma inmediata e por escrito, calquera circunstancia específica de importancia para a valoración das cargas familiares e/ou o nivel de rendas dentro deste proceso selectivo.

- No caso de que este documento non sexa cuberto, non se valorarán nin as cargas familiares nin o nivel de rendas.

